



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2016 LICENCIADO/A SANITARIO

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Cal das seguintes NON é correcta en galego:

- A) Naranxa
- B) Branco
- C) Vermello
- D) Verde

2. Cómo se escribe o número 22 en galego:

- A) Vintedous
- B) Veinte e dous
- C) Vinte e dous
- D) Veintedos

3. Sinale a correcta en galego:

- A) Análise de urina
- B) Análisis de urina
- C) Análise de orina
- D) Análisis de urina

4. Sinale a opción correcta:

- A) O paisaxe
- B) O viaxe
- C) O paréntese
- D) O nariz

5. Sinale a correcta:

- A) Andivo
- B) Andou
- C) Anduvo
- D) Anduvira

6. O conxunto de ósos que forman a cavidade que encerra e protexe o encéfalo, é.

- A) Cráneo
- B) Craneo
- C) Cránio
- D) Cranio

7. A alteración da saúde dun ser vivo debida o mal funcionamento dalgún dos órganos, é unha:

- A) Enfermedade
- B) Infermedade
- C) Infermidade
- D) Enfermidade

8. Sinale a opción incorrecta en galego

- A) Martes
- B) Mércores
- C) Xoves
- D) Viernes

9. A palabra "cachola" é sinónimo de:

- A) Perna
- B) Estómago
- C) Cabeza
- D) Orella

10. Sinale a correcta en galego:

- A) Cónxugue
- B) Cónxuxe
- C) Cónyuxe
- D) Cónxuje

Preguntas de reserva

1. Sinale a opción correcta:

- A) Tose moito porque ten bronquite
- B) Tose moito porque ten bronquitis
- C) Tuse moito porque ten bronquite
- D) Tose moito porque ten bronquitis

2. Estar nun estado de repouso caracterizado pola suspensión da consciencia, durante certo tempo, xeralmente pola noite, é:

- A) Dormer
- B) Dormir
- C) Durmer
- D) Durmir